

REXURDIMENTO

2.^a ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

DO IDIOMA E DA ESCOLA

INSTRUIRE aos meniños n-unha lingua diferente da súa materna é unha acción culpabel. Isto téñese dito respecto da escola primaria irlandesa. ¿Quén se expresou con esa dureza? ¿Cicáis, algún *giun-feiner* esaltado, ou xiquera algún nazonalista da fracción Redmond?— Non, sinón o profesor Atkinson, cadeirático de Filosofía da Universidade dublinaesa, moi coñecido pol-as súas tendenzas unionistas e anticeltistas, pro denantes que nada home sinceiro e amante da verdade.

O neno que, según a expresión de Wordsworth, é «o pai do home», está non somentes mal formado, sinón «deformado» pol-a escola chamada «nazonal». E hai que decilo tamén: as escolas libres non son, en xeneral, mellóres que as oficiais: cometen as mesmas faltas, adolecen de semellantes defectos, de igual incomprensión das necesidades reais, da mesma incapacidade pra satisfaguelas. A Igrexa mesma qu'en todas as partesolla con cuidado preferente pol-a educación do pobo, pol-a súa formación intelectual e moral, eiquí, no País Vasco, semella des-enxerguérse compretamentes do problema. Non atopamos aínda en Euzkadi unha institución relixiosa d'educación popular como os *Christian Brothers*, de Irlanda; mais en troque non fallan colexios de relixiosos—iespecialmente de relixiosas— que teñen ganardo, posto de preeminencia, ben pouco envexabel, entre os metadairos pedagóxicos do Euzkera.

Profesores universitarios de outa reputación científica sosteñen que o estudo simultáneo de dúas linguas, diferentes pol-os seus xenios respectivos, pode tere unha influencia proveitosísima na formación intelectual dos rapaces, porque fomenta o desenrolo das facultades de análise e de comparanza. O doctor Zimmer, de Greifswald, vai aínda mais lonxe. Falando da lingua irlandesa, coma materia d'ensíño pra os rapaces irlandesas nas rexións de aquíl país que teñen perdido xa a lingua materna, s'eispresa eisi o

citado sabio: «Practicamente, e dende o punto de vista da literatura moderna, o coñecimento do alemán ou do francés lles será mais útil fora de Irlanda; mais pra cultura compreta e pra educación do esprito, o idioma irlandés é pol-o menos igual aos dous devanditos, e baixo varios conceptos moi superior, porque é *mais característico* e dona mais materia de pensamento ao esprito.

(Anacos de conferencias dadas pol-o eminente cadeirático vasco Lois de Eleizalde no ciclo orgaizado pol-a Xunta de Cultura Vasca da Diputación de Bizcaya.)

25

DO MES DE SANTIAGO 1923.

Ao pasar un novo Día de Galiza a Irmandade Nazonalista Galega s'inte o degoiro de lles pregare a tódol-os nados na nosa terra que piñsen un pouco nos problemas sin cuia resolución aquíl nunca ha poder conquiere a liberdade espiritual e económica que a faiga culta e rica.

O viciro redentor áchase aberto pol-o esforzo dos hós e xenerosos. Agora compre que se dispoñan a camiñaren por il cantos galegos séxan capaces de sentimento e pensamento propios.

Que pra o novo Día de Galiza haxa novos fogares conquéridos pol-a sagra causa.

Son achegadol-os tempos de pensarmos en rachar as cadeias de escravitude.

Unha so vountade pra ista nobre e precisa acción.

A tódol-s irmandiños axuntados nas nosas exemplares Delegacións, saude Pra tódal-os galegos, non paz, senon guerra.

COMA DECOTE

Recentementes voltou de un viaxe a terras arxentinas un significado palramentario e xornalista, Eduardo Ortega Gasset. Como era natural, ao tripare terra fixo as súas decracións i-espuso os seus puntos de vista relacionados coa manida custión do acaroamento hespañol ao continente estúpido, que tan acertadamente calificou Baroja. En mais de un xornal viron a luz as súas parvadas hispano-americanas. E foi «El Sol» de Madrid onde línos o que intréanos comentare.

Dimpois de tratare amplemtes e de xeito moi vulgar as mais varias custións, Ortega emprénde a có tema económico. E posto xa

n-iste terreo fala, como non podia sere menos, do choio das carnes arxentinas. I-en verbas ateigadas de descoñecimento da realidade; en verbas que poideran decírense moi hespañolas pol-o descoñecimene a desconsideración que pra Galiza revelan, aboga de xeito rotundo porque se autorice a introducción das carnes da república suramericana.

O mesmo individuo, seguindo na súa tarefa de ceibare parvadas, manifesta o seu desexo de que a protección á riqueza gandeira se limite de xeito que por il se non perxudique o dreito do pobo hespañol a comere carne barata. E fala aínda de adicare algún estudo ao asunto.

Eis en todo o devandito unha nova proba pra engadire as numerosísimas que xa temos do moito que se coñecen as custións e os probemas galegos na Hespaña.

Fálase de abaratare os prezos da carne coá importación estranxeira, cando tan doado sería faguelo con soio concedere aos nosos labregos o dereito á libre introducción do mainzo e as tortas forraxeiras precisas pra o alimento do gando.

Díse que hai que limitare a protección á gandeiría cando ninguén debe iñorare que no Estado hespañol, onde tódal-as industrias teñen a súa protección mais ou menos grande, a gandeiría por sere unha das riquezas efectivas da Galiza non é atendida por quen debera sinón todo o contrario, até o punto de se teren realizado xa en difrentes ocasións intentos que de seren lévados á práctica findarian por causare na ruiña de Galiza.

N-iste senso lémbrese a campaña, aínda non rematada, que as cámaras agrícolas hespañolas con outros elementos afíns fixerón e siguen faguendo.

Mail-o citado Ortega, diputado do Palramento hespañol, se non atopa soio ao pensare como pensa. No mesmo caso áchanse tódol-os políticos e aínda moitos que non-o son e que foron, pra colmo, nados na Galiza.

O verdadeiro coñecimento da patria galega temos de impoñelo nós, os nazonalistas. E antramentras qu'eisí non sexa, agardare que se nos conceda satisfacción ás nosas demandas e dereitos será perdelo tempo, vivindo a mercede de toda crás de asoballamentos.

C. BERMÚDEZ PEÑA.

DEFINICIÓNS

Contra do que sosteñen os numerosísimos enemigos do nazonalismo pódese afirmare termiñantemente que iste non é, non foi, nen será endexamáis un movemento illador, egoísta, de esquecemento do alleo pra'imposición escrúviva do propio.

Soio cando o nazonalismo é desvirtuado por aquiles que se dín os seus mais perfectos seguidores, pode aparecere cós caracteres apuntados. I-estonces a tendencia mal chamada nazonalista deixa de sere o que debe sere pra se trocare n-algo merecedor da repulsa de tódal-as concenzas sans e honradas. Estonces o nazonalismo esmorecése e no seu canto xurde o funesto imperialismo.

O nazonalismo quer denantes que nada desintegrate, desvencellare aquila armazón artificiosa, falsa, feita de costas á realidade e aos imperativos da natureza, pra erguere a verdadeira armazón que se afinca na base incommovibel e segura das orgaizaciós naturais.

E n-iste senso o nazonalismo ben pode se chamare internazonalismo, xa que arrincando de aquila crasificación mundial das terras en Estados nazonaes aseguñ as suas coincidencias de diversos ordens, vai directamente ao establecemento do Super-Estado universal no que actuarán de unidades específicas aquilas que por lei de natureza o son realmentes. Aludimos as nazonalidades naturais.

Por outra parte, o nazonalismo puro, o lexítimo e non adulteirado nazonalismo fai destacare como arela fundamental, como degoiro básico o seu propósito de aportare ao patrimonio espirituai da humanidade o resultado íntegro dos seus esforzos d'especificación de unha cultura resellada pol-o influxo dos diversos factores que concurren a determinñaren, non soio a fisonomía espirituai sinón tamen a física dos pobos dotados de persoalidade orixinal e inconfundibel.

Logo o nazonalismo, tendo en conta o devandito, é aportación xenerosa, aportación desintresada e altruista ao labor xurdio de renacencia universal, mediante o aproveitamento de todas aquilas enerxías creadoras por cuio concurso terá de chegárese a unha humanidade, enriquecida coá múltiple e ceibe actuación dos difrentes pobos que a constituñen, en preno desenro das sus características peculiars sabiamente encamiñadas ao abranguemento de un tipo superior non soio no senso individual sinón tamen no colectivo.

RAMON VILLAR PONTE.

VOZES DE REVOLTA

O CAMPANARIO ENMEIGADO

Foi unha serán morna, esmorecida,
na que eu oín teu pranto;
e lembrácheme a Terra, mal ferida,
a dicire algo istraño.

Campanario vello,
meu vello campanario:
Dend'aquela tarde tan tristeira
que falaches dun pasado,
eu só oio agora a miña Terra
c'o seu dorido laio.

Campanario vello,
campanario enmeigado,
que andas a espallare a tua mágoa
de tristura e d'engado:
Non sei se é que choras novas mortes
ou se anuncias
o día xurdio e máxico.

CORTÓN DO ARROYO,

PATRIA PEQUENA E PATRIA GRANDE

Hay moitos que falan da súa Patria pequena—la *patria chica* dos cursis—e da súa Patria grande, coma si dixéramos, a súa nai e a súa madrastra. Soamente n-ese senso podemos entender a coexistencia de duas patrias: unha que nos deu a vida e outra que nol-a esplota. Porque a Patria tén un significado filial, de nacemento, de relixiosa sentimentalidade. Falar n-outro senso de duas patrias; é o mesmo que dicir que non se tén ningunha. Falar de Patria pequena é un aldraxe para idea de Patria, que non é pequena nin grande, porque no orde sentimental o amor a Patria non debe ter límites e non podemos querer

mais que unha Patria; e no orde material a Patria de cada un será mais grande ou mais pequena según o término de comparanza que se busque. ¿Chámase grande a Hespaña? Pois meirande que Hespaña é Francia, e mais que Francia Rusia, e mais que Rusia a China. En troques moito mais pequenas son Suiza, Holanda, Bélxica, Dinamarca e moitas mais. ¿E qué será millor, ter por Patria a China, a terra sin lindeiros, ou a Belxica, que casi cabe na cunca da man?

Os que queren a varias Patrias quérennas pra exproptalas a todas e para non ter que sacrificarse por ningunha; como o que quere a moitas mulleres e para gozalas a todas e abandonalas a todas despois. O que fala de Patria pequena e de Patria grande non chegará nunca a ser un bon patriota, pero tén andado moito para ser un bou negociante.

O de medir a grandeza da patria por kilómetros é o mesmo que medir a bonitura d- unha muller pol-os kilos que pese.

¿Qué incomprensión e cánta estulticia supón falar de patria pequena e grande!

En todo caso eu quero quedarme sempre coa pequena. E quedó en boa compañía. ¡Deprendede sinon, probes espíritus valdeiros, d-estas verbas do gran Pío Baroja!:

«Nosoutros, europeos, pirenaicos e alpinos, amamos os pequenos Estados, os pequenos ríos, os pequenos deuses, aos que podemos falar de tú».

E d-estoutras de Xenius:

«Amamos os pequenos Estados, e o amor noso non é sin razón. Os mais belos e froridos momentos da humanidade, a cultura grega e o Renacemento italián, non son obras de Estados pequenos? Póñanse á sua beira a India ou a Rusia».

¡Cánta beleza, qué aristocracia sentimental e qué profundo sentimento humán encerran istas verbas!

XAN DE BENTRACES.

REALCE DE FEITOS

O ex-republicano Lois de Zulueta, diputado a Cortes pol-a concentración gobernante no distrito de Redondela, n-un artigo seu do noxento xornal albista «La Libertad» decía fai poucas datas que a unificación nacional da Hespaña fora un ben.

Verdadeiramente o descaro con que minten certos homes é abraiante. Onde non, cómo o cuneiro Zulueta podería falare de unificación nazonal coñecendo, como é de supór que coñeza, as grandes diferenciacións de todol-os xeitos eixistentes antre as nazonalidades do Estado hespañol, e qu'en realidade son meirandes aínda que as que se poden asiñalaren antre moitos Estados europeos?

Sen ire mais lonxe quon sabe o citado Zulueta que a Galiza, un de cuios distritos il ven *cultivando* con tanto amore có fin qué de supór, é hoxe ao cabo de catro séculos e piques de asimilismo castelán radicalmente difrente e opósta en moitos sensos, o da economía por exemplo, ás outras terras da Hespaña?

Mais a cousa é crara: o diputado Zulueta.—e como il os demás palramentarios—trata de sostere có seu esforzo a mentirosa *unificación nacional* porque sabe que por ila, soio por ila lle será doado ostentare unha

reperesentación e quer. sabe si un futuro cacicazgo que de outro xeito lle non serían abranguibeis.

Por ise falso tópico da unidade hespañola son hoxe donos e señores tantos Zuluetas como vimos padecendo

Mais póñase eu craro a verdade; dónese efectividade ás realidades latexantes aínda a despeito das argalladas centralizadoras, e o tinglado que actualmente sirve de esceario pra que luzan as suas habilidades os vividores da política derrubaráse sen grande esforzo, dando en terra có que hoxe medran e tranfan gracias o adormecemento do pobo que xa escomeza a despertare pol-o esforzo e labore do nazonalismo militante.

Ténse de haber feito, cando isto saia á publicidade, pol-o Instituto histórico do Miño (Portugal) radicado en Viana do Castela, unha festa en homenaxe á nosa Rosalía.

Ben está o homenaxe e por il non cabe mais que agradecemento; pro a nós párcenos que un Instituto como o mentado, do que son membros varios dos moitos figuróns cursis e patrioteiros que a nosa terra garda, non é a entidade mais axeitada pra un homenaxe como o disposto.

Porque Rosalía, a santa Rosalía, denantes que nada ten unha siñificación galeguísima e pol-o mesmo anticastelán—óllense os seus versos inmortaes—rexamente choída e irreductibel. E moitos dos gallegos que pertencen ao Instituto miñoto siñificanse percisamente pol-a sua servil incondicionalidade castelán, incondicionalidade que os ten levado decóte a póse defronte a calquer esforzo xenuinamente emancipador e galeguizante que na patria xurda.

I-en canto aos portugueses do Instituto en custión son tamén dos que aínda creen no descretado tópico da fraternidade luso-castelán.

Eisí, pois, con taes denantecedentes il haberá quen crea na sinceiridá de un homenaxe pol-o xeito do comentado? Tendo en conta o devandito ¿non cabe pensare que se trata mais que de un homenaxe sentido e sinceiro, de unha festa de ostentación e lucimento pra unhos cantos?

Cando eiquí en Pontevedra, ao cabo dos anos, o analfabeto Emiliano Iglesias, é recibido como un salvador e cáseque como un prestixio, non fallando publicacións que teñen o mal gusto de aloumiñalo, en Barcelona un vello e prestixioso xornal republicano, «El Diluvio», chamáballe fai poucas datas «el tristemente célebre gallego».

Por isto pode adiviñarse canto é o prestixio de iste tipo que, deshauciado do feudo catalán creado un día por Lerroux cóos votos da colonia castelán en Barcelona, ten posto agora os seus ollos no esforzo de Galiza agraria pra podere algún día ter unha compensación da perda da sinecura lerrouxista barcelonesa.

Arturo Noguero, noso querido irmán, dou na Esposición de Castelao en Vigo, unha conferencia espricando a verdadeira doutrina nazonalista.

Ela constituíu un novo trunfo pra I. N. G., e especialmente pra a Delegación viguesa.

O arquiteito Sr. Gómez Román persentóu en galego a Noguero.

MOVIMENTO NAZONALISTA GALEGO

O Nazonalismo quer reivindicar a personalidade e os dereitos da Nazón Galega en todos os ordes. Este movemento naceu a mediados do século pasado, na era dita dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutriña en 1880 por Alfredo Brañas, e orgaizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asamblea nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que s'estabeleceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asamblea nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte concencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquistar a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segretario Xeneral.

Ten Delegacións na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Viveiro, Vigo e Bayona, en Madrid e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algús elementos d'ela publican n'Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGA no Ferrol.

Quen desexe informacións tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

- Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.
- No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rua de Dolores.
- N' OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.
- En SANTIAGO a Victoriano Taibo,
- En BETANZOS a Luís Cortiñas, Plaza Hermanos García Naveira.
- Na ARGENTINA, a José Arce Marmatas, en Rosario de Santa Fé,
- En MONFORTE a Benet Fontena, notario
- En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.
- En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, 11,
- En MADRID a Lois Cortón. Blasco de Garay, 50.
- Na HABANA a Manuel Blanco Pascual.
- En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rua do Brasil, 1.084.
- En Muxía, a Genzalo López Abente.
- En PONTEVEDRA a Castelao.
- En LUGO, Julio López, Abastecimento d'Augas.
- En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de 'Rexurdimento, a quen os solicite.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS.

SARNA

(SIN BAÑO)

—¡Ay canto me pica a sarna
Inés do meu corazón.
—Eso cúrase, ten calma:
marca ESTEAGENOL LAFONT.

É o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes». Sólido. Olor grato. 1'50 ptas. en todas as Farmacias e Droguerías d'España e Norte d'África, e na Farmacia da Vda. Lafont, Cantón Grande, 39. BETANZOS.

NOS

BOLETIN MENSUAL
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redacción.

REXURDIMENTO dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela. Administración de REXURDIMENTO, Praza dos Irmaos García Naveira, 22, BETANZOS.

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacén de tecidos e mobles

Sánches Bregua, 2 e 13

≡ BANCA ≡

Compra-venta de valores, xiros, órdes telegráficas e toda crás d'operaciones bancarias.

III | | III

IMP. DE M. VILLUENDAS

IMPRESIOS DE TODAS CLASES
VALDONCEL, 50
BETANZOS

III | | III

¿QUÉREN FACER ECONOMÍAS?
MERQUE NA CASA

ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquetería, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sánches Bregu 7, 13 (Soportás da Praza) Betanzos



ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.
A que máis barato vende.
Compre vostede alí.

BETANZOS

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas

(SUCESSOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS Teléfono núm. 18

É a mallor, máis céntrica e-económica da cidade.
Visítana os señores viaxeiros e convenceráanse

CHAMPÁN "GALICIA"

DA RAMALLOSA (VIGO)

Pódese pôr en competencia
co'as milliores marcas extranxeiras.

PAQUETERÍA-QUINCALLA



El Gato Negro

PRECIO FIXO

Porta da Vila —BETANZOS.

JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constitución, 2.

FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros. 19.—BETANZOS.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecemento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

R. MONTES

quatravosa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

PORTA DA VILA.—BETANZOS

CONFITERÍA

— DE —

Constantino Rabade

SOPORTÁS DO CAMPO.—BETANZOS

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárgos.

H. LA CORUNESA

ESMERO E ECONOMÍA

Valdoncel, 18, BETANZOS

LA MODERNA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS
E AUGAS DE SELTZ
ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA
PRECIOS SIN CÓMPETENCIA

Manuel V. Gómez

CASCAS.—BETANZOS.

BAR "ROMA"

Riestra, 16.—PONTEVEDRA

O mais visitado pol-os pontevedreses.

SOBRINOS DE JOSE PASTOR

BANQUEIROS

A. CORUNA, VIGO, LUGO, OURENSE, VIVERO

Realizan toda crás d'operaciós de Banca e Cambio.

BALNEARIO DE MONDARIZ

As milliores augas minero-medicinás bicarbo-
nata e sódicas da Península.

FILLOS DE PEINADOR, propietarios.

O VIEIRO DA GRORIA

ÓS MOZOS NAZONALISTAS

O poeta votou a semente
de ideas e arelas
e xurdiu a fulxente
florazón d'estrelas,
frolido rigueiro,
lumioso vieiro
d'acesos espritos,
via lactea do novo romeiro
que vai a Iria Flavia
para ser comulgante nos ritos
da fe nova, da nova Galiza
que ser ceibe e ser ela cubiza.

Devanceiros das testas ergueitas
que votacheis no sulco a semente
ollai, escoitai:

froitifican as novas colleitas
e levan os mozos d'agora na frente
unha estrela e no beizo un cantar.

As que brillan quizais coma estrelas
son as bágoas das nais fusiladas
estando preñadas
d'homos novos e novas arelas;
e istas bágoas ardentes caíron,
coma cae na noite un luceiro
sobre os mozos variles, que viron
a cabeza de luz coroada
por que foi cadá bágoa trocada
n'un casco guerreiro.

RIBAS MONTENEGRO.

O DIA DE GALIZA

Non imos matar mouros,
meus irmáns, por favor;
(aínda que o consello n-estes tempos
carece de valor)
non imos, non, tras un cabalo branco
e unha espada fulxente coma o sol,
un e outra guiados
pol-o brazo forzado d'un señor
que amorado dos íberos guerreiros
as ledicias do ceu abandonou.

Deixemos que as mesetas,
irtas e trigueiras,
ergan roxas bandeiras,
a toque de trompetas,
que pra nós abonda
un sinxelo altar
u-unha furna fonda
da veira do mar,
ou na soberana
paz d'unha montana.

Nosoutros imos por un vieiro,
nosoutros imos por unha estrada
que o paso lene d'un viaxeiro
con sangue quente deixou marcada.

E hoxe facemos festa
no medio do camiño,
sin desarreal-a besta
nin beber moito viño;
queremos celebrar o noso día
baixo o agarimo de benigna estrela,
sin mentar vanamente a valentía
que soio na ocasión debemos tela.

GONZALO LOPEZ ABENTE.

Día de San Yago de 1923.



A morte de Guerra Junqueiro, cumio lírico do país portugués, ten ateigados de tristura ós nosos irmaos de alen Miño.

A I. N. G. chora con Portugal a perda do imenso poeta.

O noso Cabanillas no nome de tódol-os poetas galegos xa testimoñou a sua door ó Presidente da República lusitana.

— MARXINAES —

Sere nazonalista é, sinxelamentes, querere que a Galiza chegue a disfroitare de todos aquiles privilexios e dereitos de que hoxe disfroitán todol-os países nos que impera unha verdadeira liberdade.

Sere nazonalista é sere soldado de unha causa sagrada e ateigada de xustiza i-equidade cuio verdadeiro ouxeto non é outro que o de abranguere pr'á nosa patria galega o dereito lexítimo a que ila dispoña dos seus intréses e do seu patrimonio, tanto espritual coma material, sen a inxerenza e a intromisión dos alleos.

Sere nazonalista é, n-unha verba, traballare sen acougo porque a terra que foi o noso berce e a nosa nai viva en preno disfruite do seus medios vitaes, sen o asoballamento e a suprantación da propia vountade pol-o capricho e a imposición da vountade allea.

Un nazonalista cando toma parte n-un acto público non debe endexamáis xustificare o por qué fala en galego. O emprego do idioma é no caso apuntado, como en todos, ineludibel. Tan ineludibel—e pol-o mesmo tan xustificaco pra os ouventes—que de non

ninguén. Traballare por que no goberno da casa de un non teñan participación mais que os indicados pra iso sobre sere algo moi lóxico é, ademais, algo que non pode contrariar a ningúen.

Somentes cando tal goberno é disfroitado por viles usurpadores é cando o esforzo nazonalista se atopa con enemigos naturaes. I-entonces si que automaticamente xurde a oposición e a loita.

Mais unha vez abranguido o trunfo, isto é, cando os detentadores de unha soberanía que lles non pertence son desbotados, entonces de súpeto cesa o aspecto combatente do labor nazonalista.

Por castelanización vil, por esquecemento da propia dignidade e descoñecemento da propia valía, e así como por noxento desexo de non confundírese có verdadeiro pobo—o pobo que sofre e paga sen disfroitare nen o mais mínimo pese a sere o verdadeiro amo e señor de todo—foise abandoando pol-as crases que se din superiores o uso da lingua galega, da verdadeira lingua nosa que as crases humildes souperon manteñen viva e latexante a pesar dos catro séculos d'es-

«Nós por sermos internazonalistas, somos rexoos amantes das liberdades dos pobos.

Non é incompatibel a internazonalización có nazonalismo, si non que iste é a base de aquila.

O nazonalismo é unha das xeiras que hai que percorrere pra chegare ao internazonalismo».

Isto dixo Largo Caballero, diputado socialista por Barcelona nas Cortes do 1919, ao falare publicamente na Asambrea de municipios catalans axuntada pra pedire a autonomía de Cataluña.

faguelo e así o que tal procedera estenderíase a si mesmo a patente d'embaucador e farsante. E isto, por moita sinceridade que se teña, non pode crerse que haxa quen o faga.

Velahí como se ten pagado a incondicional adesión da Galiza ao Estado hespañol:

Co aumento dos impostos e de toda crás de trabucos; con disposicións ameazadoras i-en moitos casos esnaquizadoras das nosas fontes da riqueza galega; coa desigualdade mais alritante no trato otorgado pol-o Estado; con aldraxes, con caloñas, con alcumes vergoñosos que foron os que orixinaron a verba *galego* se teña aínda por denigrante non soio nas terras peninsuares sinón tamén nas arredadas terras da América aonde foi levada pol-as xentes de Castela.

E dimpois de consideirado ben isto, poderáse afirmar que non hai motivos de abondo pra crebare a incondicionalidade a un Estado que tan ben nos trata?

O degoiro e a arela nazonalista non van contra de

cravitude castelan.

Pois ben. Por tere isto en conta con outras razóns moi poderosas hoxe os nazonalistas, que arelamos pa'á patria galega un ample réximen de liberdade posibel soio n'un rexo ambiente de democracia integral. erguemos como principia básico das nosas propagandas o uso imprescindibel da gloriosa lingua vernacular.

E ao faguelo e así termamos porque a conducta admirabel dos nosos traballadores e labregos, mantendo vivo e puxante o idioma, teña unha consagración definitiva. E ao faguelo e así vimos a afirmare que si a Galiza vive e se mantén en pe aínda hoxe é pol-a obra instintiva das nosas crases humildes, nunca pol-a acción negativa das crases que se coidan superiores.

I-é por iso pol-o que nós decimos aos primeiros: Dentro da futura Galiza, dentro da Galiza ceibe que axiña terá d'erguérese, vós gozaredes sen coutamentos da recompensa a que vos fixéchedes acreedores pol-a vosa lealtade exemprar.

REXURDIMENTO

2.^a ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

Pra os que crén que pode traballare pol-a libertade da Terra quen perteneza a un partido político hespañol.

Copiamos de «Galicia», de Vigo:

«Las predicaciones del conde de Brias en sus viajes de propaganda por tierras gallegas se encienden en llamaradas de acendrado galleguismo y se acusan por su nervatura realmente anticentralista».

En las urbes, en las villas y en las aldeas gallegas el nombre del Sr. Portela Valladares se presenta envuelto en las sonoridades de unas frases encendidas en amor a Galicia y llenas de desdén a los políticos españoles y a la política española que tan mal tratan a los pueblos que, como Cataluña, Vasconia y Suevia sienten el afán patriótico de afirmar su personalidad y de extirpar la funesta política hispana para incorporarse a la vida moderna y ser factores apreciables de la civilización presente y futura.

Y recordando esas predicaciones del Sr. Portela, se nos ocurre preguntar: ¿Le es lícito al conde de Brias, a un galleguista de fibra y de nervio como el diputado por Fonsagrada, contribuir a la obra de enderezar los entuertos que la gerencia del Estado español ha producido, en colaboración con los propios autores de esos entuertos?

En buena lógica, esa colaboración no es posible y solo puede lograrla un Gobierno en virtud de la llamada disciplina de partido.

Pero si por disciplina ha aceptado el Sr. Portela el cargo ¿a dónde van los bríos galleguistas y los arrestos anticentralistas de sus propagandas a través de Galicia?

¿Se podrá servir a un tiempo dos señores: a Galicia y a la política española, origen de todos los males que atormentan a Galicia? ...»

Copiamos de «Socialista» de Madrid:

«El señor Portela Valladares combatió el acta de Tuy. Ni un solo diputado de la mayoría votó con él. A no ser por los diputados socialistas, que pidieron votación nominal contra el señor Ordóñez, el acta de este señor hubiera pasado sin pena ni gloria».

Los agrarios gallegos han tenido un nuevo fracaso. No sabiendo escoger con acierto su camino, se han entregado a la política vieja—aunque el señor Portela Valladares, don Emiliano y demás agrarios improvisados se adjudiquen el papel de renovadores—y están recogiendo las consecuencias.

Portela, liberal, fué combatido con saña por el Gobierno. ¿Quién engaña a quién? ¿Pobres agrarios, entregados a la voracidad del conde de Bugallal y de sus aliados los liberales!

He aquí una prueba de lo que decimos. En favor del acta

del señor Ordóñez, por Tuy, votaron los siguientes señores,

Arderías, Sarradell, Gil de Biedma, Albert Pons (marqués de), Alvarado, Gullón (don Alfonso), Cánovas, Ballester, Pidal, Doval, Espada, Moral, Calderón, Sánchez Guerra (don Rafael), Abril y Orca, Sánchez y Eznarriaga, Fernandez Villaverde, Bosques, Sallent (conde de), Peña Ramiro (conde de), Sánchez Guerra (don Jose), Valdara (marqués de la), Jiménez Kamirez, González Besada, Martín Belandía, Fernandez Barrón, Suárez Inclán, Villabragima (marqués de) Zapata, Díez de Revenga, Aparicio, Pérez Urruti, Lladó, Cervantés (don José María), Callejo, Gomez Acebo (don Juan), Merino, Rodríguez Valdes, Cierva Peñafiel, Bugallal (conde de), Taboada, Valentín, Palá, Ornela, Piñeiro, Alvarez Valdes, Luca de Tena, Toledano, Rodríguez de Viguri, García Durán, Van-Baum-berghen, Molina, Larico, Dugas, López Barrosa, Pedregal, Olérdola (marqués de), Sánchez Anido, Riu (don Emiliano), Palacios, Estevez, Garrau, Cervantes, Díaz Cordevés, Atienza y el señor presidente; total, 69.

Reformistas, liberales y conservadores en maridaje de añanzamiento caciquil, sancionaron el despojo. En contra sólo lo hicieron los siguientes diputados:

Ayuso, Prieto, Guerra del Río, Portela, Barcia, Saborit, Besteiro y Llana; total, 8.

Es decir, de ocho diputados, cuatro son socialistas, dos monárquicos y dos republicanos. La minoría republicana parlamentaria acude en masa, con Lerroux a la cabeza, a votar para presidente del Congreso al señor Alvarez; pero esos diputados republicanos, cuando hay que defender el derecho del pueblo, atropellado por los caciques no están en su sitio, no hablan ni votan.

Son as pequenas comunidades cidadans independentes, ou as pequenas razóns—tes como foron Inglaterra e Holanda no século XVII— as que produciron non somente o mais da millor literatura e do arte, simón o mais dos grandes homes e dos grandes feitos que a Historia lembra.

A vida nacional está mais excitada pra fazer mais intensa e mais inresante onde se concentra n-un área non tan estensa que impida ás xentes coñecerse os unhos aos outros e coñecere aos seus conductores.

(James Bryce, ilustre publicista norteamericano, no coñecido libro seu que ten por título «Gouth América observations and impresions.»

Despois do ollado ¿quén se non decata de que tan bos son reformistas, coma liberais, conservadores e republicanos?

O Doval que se chama agrario, ¿pode tomalo en serio ninguén? O Zulueta, votado pol-os agrarios, ¿a quen ha ispirar lle confianza? ¿E o Emiliano e o Lerroux?

Todos estos pensarón en Galiza despois que lles foron amostrando os dentes n'outras partes.

E coma ises o García Ramos, encarregado do bufete de Gullón, que tamén fachendeaba de redentor; e o Amoedo, non mais galego que Rovira.

¿E aínda había crentes no reformismo! O Pedregal, lugar tenente de Don Melquiades, votando pol-o Ordóñez. ¡Ai Zulueta, coma o coñecemos nós!.

Pois despois de todo isto, xa veremos si a nova Asambleas da confederación agraria acorda seguir tolerando e apoiando os que pertencen a partidos políticos hespañoles.